

ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA E. PRIMARIA

BLOQUE: IMAXE E PERCEPCIÓN CORPORAL

UNIDADE: **Coordinación viso-motriz**

TEMPORALIZACIÓN: **2-3º semana outubro**

MATERIAL E INSTALACIÓNS: Pelotas, bancos suecos, ximnasio, patio de recreo.

ORGANIZACIÓN ALUMNOS: Individual, parellas, equipos.

CICLO: **Segundo**

NIVEL: 3º-4º

OBXECTIVOS:

1. Controlar obxectos con precisión en situacións dinámicas e estáticas.
2. Controlar e axusta-la respiración en situacións que impliquen movemento.
3. Actitude de respecto e colaboración cara o traballo dos demais.

TÉCNICAS ENSINO: Descubrimiento guiado. Busca. Reproducción de modelos.

ANIMACIÓN:

- Carreira suave, aquel que toque o profesor toque, séntase coas pernas xuntas e estiradas e o resto dos compañeiros pásalle por enriba das pernas. Cando pasaron todos, levántase.
- “ **IMITA-LA NAI CON BALÓN** ”: Desprazándose libremente, a “ nai “ pode botar, rodar, lanzar ó aire, sentarse, tombarse sobre... Os demais imitan.

PARTE PRINCIPAL:

- En grupos de cinco ou seis formando corro, pásanse o balón cos pés evitando que saia do corro. VARIANTES: Dándolle ó balón coa man, con calquera parte do corpo, etc.
- Os grupos do exercicio anterior, póñense en ringleira coas pernas abertas. O primeiro coa pelota, ó sinal pásaa por debaixo das pernas dos compañeiros ata que chegue ó último, quen a recolle, pasa ó primeiro posto e repite. VARIANTES: Pasándose a pelota por enriba da cabeza. Avanzar á primeira posición botando, rodando,...
- Por parellas, cunha pelota cada unha. O ximnasio dividido por bancos suecos a modo de rede. Pasa-la pelota ó outro membro da parella por enriba do banco coas dúas mans, cunha man, cun pé, co xeonllo, co cóbado...

“ VOLTA Á CALMA “

- “ **O BALÓN QUE QUEIMA** “: Divididos en grupos de dez , oito ou nove, e situados en sitios distintos. Cada grupo cun balón que lanzan ó aire e teñen que impedir que caia ó chan. O que lle toca ten que imita-lo grito dun animal.

OBSERVACIÓNS: